



O Consello Social da Universidade de Vigo aproba un orzamento de 160 millóns para 2016

Por [G Ciencia](#) | 22/12/2015 18:20

Despois de que as liñas xerais orzamentarias foran expostas ao **Claustro** do seu paso polo **Consello de Goberno**, o orzamento da Universidade de Vigo para 2016 foi aprobado de xeito definitivo polo pleno do **Consello Social**, na sesión que desenvolveu este martes na Casa das Campás. Co voto favorable de todos os membros presentes, o orzamento da institución académica para o vindeiro exercicio, que ascende a **160,6 millóns de euros**, recibiu o “apoio decisivo” deste órgano, como salientou o reitor, Salustiano Mato, ao remate da xuntanza, ao tempo que o presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa**, puña de relevo “o bo estado financeiro” dunha institución académica que pechou con superávit os catro últimos exercicios.

O vicerreitor de Economía e Planificación, **José Manuel García**, foi o encargado nesta sesión plenaria de afondar nas principais liñas dun orzamento que implica un descenso do 2,79% con respecto ás contas do exercicio anterior, por mor da finalización dos proxectos **Táctica e Biocaps** ou de infraestruturas como o **Cinbio**, así como pola redución na captación de recursos externos ao atoparse o novo programa europeo

Horizonte 2020 nas súas fases iniciais. Trátase, ademais, do primeiro documento económico enmarcado no novo **Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (SUG)** para o período 2016–2020, que tamén foi abordado nesta sesión plenaria, na que o vicerreitor informou así mesmo dos cambios introducidos no modelo de financiamento dos centros propios da institución académica e do teito de gasto da Universidade para o vindeiro exercicio, que se sitúa “moi prudentemente”, como sinalou Pedrosa, nos **176,5 millóns de euros**.

Máis información no seguinte enlace:

UVIGO



O Consello Social dá o visto e prace definitivo ao orzamento para 2016

As contas da Universidade foron aprobadas por unanimidade no pleno celebrado na Casa das Campás O reitor destacou o impulso do proxecto CREAS2i como un dos obxectivos do vindeiro exercicio Despois de que as liñas xerais orzamentarias foran expostas ao Claustro e do seu paso polo Consello de Goberno a pasada semana, o orzamento da Universidade de Vigo para 2016 foi aprobado de xeito definitivo polo pleno do Consello Social, na sesión que desenvolveu este martes na Casa das Campás.